

Polideportivo



HOXE

250 Judokas
Cadete | Infantil
PAVILLÓN MUNICIPAL DE VILALBA

SECTOR NORTE CAMPIONATO GALEGO

NATACIÓN - Hoxe

3ª Xornada do circuío Adan

A Piscina de Frígsa acolle esta competición sénior e júnior na que se citan máis de 200 nadadores de 21 clubs galegos que buscarán as mínimas de cara a campionatos oficiais

ORIENTACIÓN - Hoxe

Lugo acolle a 3ª proba da Liga Galega

Esta proba, que puntúa para o Campionato Galego de Media Distancia, reunirá á máis de 500 deportistas de categorías absolutas e inferiores de 25 clubes chegados dende toda Galicia

Partidos destacados

Hoxe 16:00 h. FÚTBOL
LIGA 1-2-3 CD LUGO - REAL VALLADOLID

Hoxe 17:00 h. BALONCESTO
LIGA FEMININA 2 Ensino - Cortegada

Mañá 17:00 h. FÚTBOL
PREFERENTE Viveiro - Escairón

Mañá 18:00h. BALONCESTO
LEB ORO Breogán - Huesca

VOLEIBOL- HOXE

O Emevé recibe ao Manacor no Municipal

Primeiro encontro da fase de ascenso na casa para o equipo masculino da Superliga, ante un rival que rematou líder do grupo B



Hoxe, Vilalba será o epicentro do Judo galego

DEPORTISTAS DO JUDO LUGO, XIMNASIO SENRA, JUDO MURALLA E ESCOLAS MUNICIPAIS DE VILALBA representarán á Provincia nesta fase dos campionatos nas que competirán con judokas de Coruña e Ferrol

Vilalba acolle hoxe a celebración do Sector Norte dos Campionatos de Galicia de Judo nas categorías infantil e cadete. Uns 250 judokas pasarán ao longo da xornada polos tatamis instalados na canchas do Pavillón Municipal de Deportes da capital chairrega. Durante a mañá celebraranse os combates infantís – nados nos anos 2004 e 2005- e, á tarde, será a quenda para os cadetes -2001, 2002 e 2003-.

Os deportistas de Judo Lugo, do Ximnasio Senra, de Judo Muralla e de escolas municipais como a de Vilalba representarán á Provincia nesta fase dos campionatos nas que competirán con judokas de Coruña e Ferrol. Os catro primeiros de cada peso clasificaranse para a final do campionato que se celebrará en Arteixo, e na que estará en xogo o acceso ao campionato español. Aos deportistas lucenses tócalles buscar un sitio na final polo camiño máis complicado xa que, en xeral, o nivel competitivo é maior no norte que no sur de Galicia. No entanto, os campionatos autonómicos non son a única porta aos nacionais. De feito, en Vilalba, estarán judokas coma Xaime Cociña, de Judo Lugo, que xa ten unha praza garantida grazas á puntuación acumulada ao longo da temporada na súa participación en diferentes torneos.

O acceso ao campionato español é o obxectivo final dos deportistas de maior nivel competitivo, pero a cita en Vilalba ten outros moitos alicientes, especialmente no caso dos infantís, xa que moitos deles estréanse hoxe nunha competición

a nivel galego, e algúns apenas tiveron ocasións de participar nun combate oficial.

Sen embargo, xa levan anos de formación. É habitual que os nenos e nenas se inicien en torno aos cinco ou seis anos, dando uns primeiros pasos nos que, máis aló dos coñecementos técnicos, se prioriza a transmisión dos valores vinculados a este deporte de orixe xaponés. Os infantís que participan hoxe no menos, cinto

Medíranse en combates de tres minutos, en elimi-

natorias directas con repesca dobre cruzada, o mesmo formato de competición que o Campionato de España.

Máis de corenta anos de judo en Vilalba

Os campionatos celébranse na Provincia por primeira vez despois dunha década nas que a localidade coruñesa de Cambre foi a sede elixida pola Federación Galega de Judo. A elección de Vilalba reconece a notable tradición deste deporte na capital chairrega, que puxo en marcha a escola municipal de judo hai 43 anos.

"Llegué para impartir un curso de defensa personal a la policía local, pero acabamos poniendo en marcha la escuela municipal que, en ese momento, ofrecía solo judo", explica a José Luis Díaz Hernández,

un dos primeiros Mestres Nacionais de Judo na Provincia. *"Judo o fútbol, en el Racing Villalbés, eran las opciones que tenían los jóvenes que querían hacer deporte. Las clases superaban las veinte personas",* recorda o judoka, daquela con 26 anos, en plenitude competitiva e dando os pasos iniciais como formador. Un par de anos antes

puxera en marcha en Lugo o Gimnasio Senra, tamén pioneiro, xunto a Judo Lugo.

"Los primeros años fueron mejores en cuanto a alumnos pero creo que, en este momento, el nivel de los deportistas y de los formadores es mucho mejor. En mi caso son más de cuarenta años de experiencia y conocimientos que en ese momento, en el que estaba más centrado en la competición, no tenía. En Villalba el nivel de los alumnos es especialmente bueno", conclúe.

A Provincia conta agora con uns 330 judokas federados nas diferentes categorías.

